

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Acta da Xunta de Goberno
celebrada o día 22 de xaneiro de 2016

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 22 de xaneiro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 1/16, do 8 de xaneiro.

Asesoría Xurídica

2.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos de Santiago de Compostela, do 25/11/2015, recaída no PA 347/2014, interposto por don Fernando Berdugo González, sobre sanción de tráfico do Concello de Ames.

3.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 22/12/2015, recaída no recurso PA 212/2015, interposto por don José Antonio Varela Agrelo, sobre providencia de constrinximento por falta de pagamento de multa en materia de tráfico.

4.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón o acatamento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 16/12/2015, recaída no recurso PA 164/2015, interposto por don Julio González Vicente, sobre responsabilidade patrimonial.

5.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no PA 285/2015, do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, interposto por don Manuel García Naveira, sobre responsabilidade patrimonial.

6.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 560/2015, que se tramita á entidade Ventosa e Hijos, SA.

7.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se dispón a comparecencia no procedemento concursal nº 278/2015, que se tramita á entidade Ez Gardens, SL.

ROGOS E PREGUNTAS

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO, celebrada o día vinte e dous de xaneiro de dous mil dezaseis.

Na sala de comisións do pazo provincial, sendo o día vinte e dous de xaneiro de dous mil dezaseis, reuniuse a Xunta de Goberno da Deputación provincial para celebrar a sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DONA ÁNGELA FRANCO POUSO
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO
DON JULIO SACRISTÁN DE DIEGO
DONA MARÍA GORETTI SANMARTÍN REI
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO

Escúsanse os Sres. Muíño Espasandín, Pequeño Castro e Regueira Varela.

Actúa como secretaria accidental, dona M^a Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e están presentes o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera e a xefa do negociado de Información e Rexistro, dona M^a Luisa Barús Gómez.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, a Sra. secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/16, DO 8 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior nº 1/16, do 8 de xaneiro.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN O ACATAMENTO DA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO UN DOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DO 25/11/2015, RECAÍDA NO PA 347/2014, INTERPOSTO POR DON FERNANDO BERDUGO GONZÁLEZ, SOBRE SANCIÓN DE TRÁFICO DO CONCELLO DE AMES.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 28803, do 19.12.2015, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos de Santiago de Compostela, do 25.11.2015, recaída no procedemento abreviado 347/2014, interposto por don Fernando Berdugo González, sobre sanción de tráfico do Concello de Ames.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN O ACATAMENTO DA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO TRES DOS DA CORUÑA, DO 22/12/2015, RECAÍDA NO RECURSO PA 212/2015, INTERPOSTO POR DON JOSÉ ANTONIO VARELA AGRELO, SOBRE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO POR FALTA DE PAGAMENTO DE MULTA EN MATERIA DE TRÁFICO.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 276, do 12.01.2016, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 22.12.2015, recaída no recurso con procedemento abreviado 212/2015, interposto por don José Antonio Varela Agrelo, sobre providencia de constrinximento por falta de pagamento de multa en materia de tráfico.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN O ACATAMENTO DA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO TRES DOS DA CORUÑA, DO 16/12/2015, RECAÍDA NO RECURSO PA 164/2015, INTERPOSTO POR DON JULIO GONZÁLEZ VICENTE, SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 273, do 12.01.2016, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 16.12.2015, recaída no recurso con procedemento abreviado 164/2015, interposto por don Julio González Vicente, sobre responsabilidade patrimonial.

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN A COMPARECENCIA NO PA 285/2015, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO TRES DOS DA CORUÑA, INTERPOSTO POR DON MANUEL GARCÍA NAVEIRA, SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 28468, do 18.12.2015, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte demandada, no procedemento abreviado 285/2015, do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, interposto por don Manuel García Naveira, sobre responsabilidade patrimonial, encomendándolle a representación e defensa ao letrado-asesor xurídico da Corporación, don Ramón Valentín López Rey.

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN A COMPARECENCIA NO PROCEDUREMTO CONCURSAL Nº 560/2015, QUE SE TRAMITA Á ENTIDADE VENTOSA E HIJOS, SA.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 271, do 12.01.2016, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte interesada, no procedemento concursal nº 560/2015, que se tramita á entidade Ventosa e Hijos, SA, encomendándolle a representación e defensa ao letrado-asesor xurídico da Corporación, don Ramón Valentín López Rey.

7.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE DISPÓN A COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO CONCURSAL Nº 278/2015, QUE SE TRAMITA Á ENTIDADE EZ GARDENS, SL.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 28467, do 18.12.2015, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte interesada, no procedemento concursal nº 278/2015, que se tramita á entidade Ez Gardens, SL, encomendándolle a representación e defensa ao letrado-asesor xurídico da Corporación, don Ramón Valentín López Rey.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.